

BASES DO CONCURSO DE CARROZAS ENTROIDO 2020 VIANA DO BOLO

1.- Poderán participar os grupos que así o desexen que vaian convenientemente ataviados e organizados.

2.- Os participantes deberán presentarse polo menos quince minutos antes do comezo do desfile (11:00 h) no lugar de concentración (C/ Toural) e colocarse segundo a orde fixada pola organización.

3.- As inscricións para o concurso de carrozas será ata o día 20 de febreiro de 2020 ás 14:00 horas nas oficinas do Concello de Viana do Bolo sita na Rúa Constitución nº 14. Na inscrición indicárase o nome do grupo, o número de compoñentes do mesmo e a persoa que representa ao devandito grupo, cun teléfono de contacto.

4.- Un Xurado, composto por representantes de dúas asociacións culturais do Concello e un traballador do mesmo, valorará cada carroza cunha puntuación de 0 a 5 puntos. Aquela que obteña maior número de puntuación será a gañadora, outorgándose os demais premios segundo a puntuación acadada. Valorarse a orixinalidade, a tradición, creatividade e vistosidade do traballo.

Poderá declararse deserto algún premio se se estima oportuno.

5.- A entrega de premios realizarase polo Concello, nos días posteriores ao desfile achegando polos gañadores fotocopia do DNI e certificado da conta bancaria.

Os premios para o concurso de Carrozas son os seguintes:

- 1º PREMIO: 600 EUROS
- 2º PREMIO: 400 EUROS
- 3º PREMIO: 200 EUROS

Ademáis todas as carrozas, só por participar, serán premiadas cunha cantidade que será a resultante de dividir 1.800 euros entre o número de carrozas participantes.

6.- O feito de inscribirse leva a aceptación das presentes bases.

